

## Entre o sado-capitalismo e socialdemócrata-masoquismo

Xenaro García Suárez

A realidade, para algúns apenas o prebe con que acompañar o discurso ideolóxico, existe, aínda que cada vez sexa máis difícil rescatala do fondo do baúl na que a teñen ben pechada as nesgadas interpretacións que dela fan os expertos; abrumadoras, mais tan inconsistentes coma a verborrea dun falabarato. Tamén, aínda que ás veces non sexa doado constatalo, existen a lóxica, o razoamento por analogía e unha chea de recursos que son os que precisamente fan do ser humano algo moi especial: un suxeito con capacidade de pensarse a si mesmo, de razoar sobre a súa contorna distanciándose das dogmas, mesmo sen marcarse como fin acadar ningún paraíso nin terreal nin celestial. Un distanciamento indispensable para identificar determinados feitos obxectivos, precisamente aqueles que transgredan os principios irrenunciábeis para o discorrer da andaina evolutiva reinterpretada polo pensamento.

Na busca dese distanciamento que propicie a reflexión, os elementos analíticos a utilizar non deberían ser moi distintos daqueles que iluminaron a razón a finais do século XVIII, e foron consolidando un coñecemento científico obxectivo, por riba das requintadas reflexións epistemolóxicas que sobre el se fagan, tanto na súa interpretación do mundo canto ao propoñer medios para transformalo.

Mais, cales son eses feitos e cal é a súa razón de obxectividade? Como punto de partida habería que identificar certas verdades de situación sobre as que basear a procura dun mundo viábel, igualitario, habitábel. Un tipo de verdades que non requirisen de teorías demasiado elaboradas e cuxa negación deba parecerlle inadmisíbel a unha humanidade mentalmente sa. Para iso abondaría con recorrer a sinxelos desenvolvementos matemáticos facilmente interpretábeis na realidade social, afastándose das visións ao servizo dos intereses e ideoloxías que, ocultas en discursos aparentemente científicos, van dirixidas a xustificar o actual estado de explotación do home polo home, no que a fachenda dos máis privilexiados semella non ter límite.

Ao darse a produción científica nunha sociedade concreta, nun momento preciso, é de agardar que apareza contaminada pola ideoloxía dominante; nestes tempos aquela que emana dos intereses do capital financeiro, cada vez máis concentrado. Porén, a verdadeira ciencia vólvese autónoma, despréndese das cadeas, e pasa a formar parte do discurso liberador en canto instrumento ao servizo do home para obterse a si mesmo, nun país, no mundo, nun período histórico concreto, mesmo para axudalo a amosar determinadas verdades odiosas para así poder mudar os seus valores. Ten algunha importancia que moitos dos grandes resultados do grande matemático Leonard Euler fosen xestados nas súas estadías en San Petersburgo ao abeiro do poder tzarista? Ou, xa en tempos máis recentes, que determinados resultados da matemáticas ou da física, mesmo aqueles que deron orixe a certos bens, virtuais e materiais, que hoxe se poden utilizar tamén contra quen os financiou, fosen en principio segredos de estado, froito de investigacións militares dos EEUU?

É certo que hai teorías para dar e repartir para, cuns cantos datos e pouco máis que a siloxística clásica, chegar á conclusión de que o *homo sapiens* merece unha contorna ben distinta da actual para se desenvolver, mais hainas tamén para recrearse en todos os barroquismos que a un lle pete, ou para endilgarlle o cualificativo de científica a calquera disciplina, desde a economía até a cociña, pasando polo deporte e a información (as chamadas ciencias da ....., non a Teoría da...), discursos dirixidos a ocultar os problemas fundamentais, focando ou desfocando segundo conveña os centros de interese. A uns abóndalles co fútbol, a outros con verborrea salferida de fórmulas. Se se trata da psicoloxía, poñamos por caso, moita “autoestima”, moitos gráficos 3D e moita campá de Gauss, e se se trata de economía, xa que o de “científica” non casa demasiado co seu nulo poder prognóstico, bótase man de boas doses de caos, fractais, sistemas dinámicos, equilibrios de Nash, etc.; o envoltorio indispensable para ocultar o seu fracaso.

Mais, publíquese o que se publique, séxase seareiro do partido político que se sexa, comúnguese coas rodas de muíño de Intereconomía ou coas obleas máis dixestivas de El País, calquera análise científica da realidade social leva a constatar a inadmisíbel desigualdade, en aumento, tanto de renda como de bens dispoñíbeis entre os habitantes do planeta, e cuestionala radicalmente debe ser o principio transformador fundamental no que basear a recondución desta fase do proceso evolutivo que nos tocou vivir.

Saír da situación de pobreza non é cuestión individual. A poucas contas que se fagan, e por moi calvinista que se sexa, é doado comprender que os que potencialmente poden traspasar o limiar para cambiar de bando son moi poucos. A saída só pode ser global: a riqueza mundial débese repartir doutro xeito por moito que os medios se esforcen en silenciar a quen pretenda buscar vida fóra do encorsetado catecismo da dogma dominante.

Impúxose un discurso monolítico no que prevalece sen paliativos o cruel sometemento da existencia ao mercado. Mais non a calquera mercado, senón ao financeiro, tan peculiar e demencial, que caracteriza a actual fase do desenvolvemento capitalista. Ofrécesennos, baixo o manto protector da *ciencia económica*, mil e unha medidas encamiñadas a perpetuar o dominio da banca e do capital especulador sobre os sufridos cidadáns. E se tratamos de seguirlle a pista a quen toma as medidas e a quen se beneficia delas, e se denunciámos que, poñamos por caso, John Paulson, un xestor dos *hedge funds* causantes do actual estropicio, se embolsou en 2010 máis de 5000 millóns de dólares, en parte grazas ás medidas anticrise, dámonos de conta de que tal comentario non ten a máis mínima repercusión. As leis regulan outros asuntos e a estes efectos non hai nengún ánimo de mudalas radicalmente. Temos que conformarnos con promesas ambiguas, que se esvaen no tempo unha vez pasado o momento álxido da solemne falcatruada de turno, ou con insultantes disposicións que dan a xusta medida do goberno que as toma: “o soldo dos responsábeis das entidades financeiras intervidas non poderá superar o medio millón de euros”

Mentres, comprobamos como todos os que tiveron comportamentos semellantes ao de Paulson –en diversos graos- son xenerosamente gratificados, e mesmo ás veces por entidades financeiras rescatadas con diñeiro público (xa que logo públicas case ao 100%, aínda que a súa xestión sexa privada)). E quen cuestione a contundente enxeñería destrutiva de quen asume os ditames do FMI, do Banco Mundial ou dos seus acólitos é inmediatamente cualificado, no mellor dos casos, de *académico*. E como se sabe, os

académicos, tal e como puntualizou en certa ocasión o actual ministro de Facenda perante un micrófono indiscreto, “*no tienen ni puta idea*”.

Os circunloquios dirixidos a xustificar o sometemento da maioría abrumadora da poboación mundial a uns cantos privilexiados son a cal máis delirante. Mesmo, ás veces, algún experto aparentemente razoábel explica, logrando gran predicamento perante amplos sectores da poboación, que non podíamos seguir vivindo por riba das nosas posibilidades: a festa rematou. Mais, o que non di é que a *grande bouffe* continúa para os que xa non saben que facer con tantos cartos, para os que poderían mercar varias veces toda a produción mundial de todos os bens. Faise tamén todo o posíbel desde os centros de poder para que a crítica ao capital especulativo, con escasa ou nula relación coa produción tanxíbel, se integre sen problema. Ningún empresario tivo nada que ver coa borbulla inmobiliaria, co desvío de subvencións, coas fugas de capitais cara a paraísos fiscais, cos produtos derivados, coa enxeñería financeira dirixida a minimizar os impostos ou co desprazamento da produción cara a outros lugares onde se pode explotar ao traballador con máis descaro. E asúmese coa maior naturalidade, como unha fatalidade consubstancial a estes tempos tan modernos que nos tocou vivir, toda esa zarapallada das primas de risco e débedas soberanas, que ten o seu correlato máis serio nunha partida de póquer na que uns van de farol e outros xa levan de man a escaleira de cores, e ao rematar a partida non ven a maneira de transformar as fichas de plástico en diñeiro.

A análise crítica global, a *economía política*, o intento de sentar as bases para rematar coas actuais relacións de produción –nos nosos días tamén da produción de papel (a máquina de facer dólares a esgalla) e de cantidades exorbitantes de diñeiro virtual-, dirixidas a un reparto xusto da riqueza, escasamente ten eco. Repítesenos que hai que pechar ringleiras: todos unidos para que os mercados nos respecten. O sufrimento de hoxe é indispensábel para un mañá prometedor cuxa chegada se nos vai aprazando continuamente. As medidas van encamiñadas a un fin ben preciso: que uns cantos poidan continuar acumulando mentres a maioría trata de conseguir, ou conservar, un posto de traballo con salario miserento, sen preguntarse demasiado cal será, nese futuro que parece cada vez máis lonxe, a capacidade consumista do asalariado, indispensábel para que a maquinaria siga a funcionar. Nesta fuxida cara adiante todo vale, e mesmo hai quen di que o propio dos empresarios non é gañar cartos, como defendía un tertuliano multiplató ao que tiven ocasión de ouvir, quen, descoñecendo os rudimentos da chamada ciencia económica, mudaba os intereses do carnicero, o cervexeiro ou o panadeiro de Adam Smith, pola benevolencia infinita: “o propio dos empresarios é facer cousas; de marcarse como meta gañar diñeiro, nada de nada, e, que non lle soban moito os impostos, con marcharse a outro país teñen todo arranxado” –o tertuliano tiña un par de amigos empresarios e dicía saber interpretar moi ben as súas intencións. Imaxínome a cara que poría o predicador plasmático se alguén, utilizando a súa mesma metodoloxía metonímica, aludise ao caso do millonario editor Giangiacomo Feltrinelli - encontrado morto ao pé dunha liña de alta tensión, como resultado dos explosivos que intentaba instalar xunto con outros membros dos Grupos de Acción Proletaria-, e dixese que o propio dos empresarios era poñer bombas, para rematar con este estado de cousas.

Os “expertos”, que falan a prosa do ultraliberalismo máis rancio créndose científicos, din detestar a política, e dan solucións técnicas, pímulas de pura matemática, coas que revisten as versións máis requintadas dos oráculos, para explicar que inexorablemente todo se iría a tomar vento se non se tomasen as medidas que eles predicán. E

aqueloutros que terían polo menos que botar unha ollada á historia das doutrinas económicas e do pensamento socialista, tamén ven pasado de moda iso de que a *economía determina en última instancia*, as *superestructuras*, a *plusvalía* e a *fetichización da mercadoría diñeiro*. Só algún que outro francotirador, ou certos profesores de universidade, que aínda non se enteiraron de que o que lles cómpre para *impactar A* é estar ao tanto do que se investiga en Chicago ou en Minnesota, predicán no deserto.

O discurso, deixando á marxe minorías ilustradas e nalgún caso combativas, foise transformando nunha chea de *mantras* –ideoloxemas, diciamos antes- concatenados que transgreden as regras da lóxica e propagan, como se fosen feitos constatábeis da física, ocorrencias delirantes vendidas como verdades eternas. Digo *vendidas* porque é doado comprobar de onde cobran os teóricos máis intransixentes, os tecnócratas presidenciábeis, os columnistas ponderados, o *grupo dos cen economistas* e os voceiros desa socialdemocracia que penetra, e se deixa penetrar sen despeitarse, polas petroleiras e as grandes corporacións, e non perde a compostura cando trata de aconsellarnos ou de redimirnos. As grandes corporacións están tras eles e nós estamos aí para mantelos, para que uns poucos sigan a apalancar descomunales fortunas; no noso caso, din, é o prezo a pagar por pertencer á *vella* (ía ter razón Bush) Europa.

Daquela, quédanos, ou ben cantar a coro o “*Let's forget about tomorrow for tomorrow never comes*”, convencidos de que no mañá inmediato: o paro, a carencia de vivenda e a fame sempre vai ser cousa de outros, e a longo prazo, como dicía Keynes, todos mortos, ou facer análises rigorosas sobre a obxectividade das relacións sociais que nos constrinxen, e a partir delas ser quen de que o discurso, a *economía política* e non a *ledanía do noso señor o mercado*, acade unha masa crítica transformadora.

E volvo ao postulado de partida: a aversión á pobreza e á desigualdade. Pois mesmo asumindo un verniz socialdemócrata moi moderado, compróbase facilmente que calquera medida global neste sentido derrubaría os alicerces desta sociedade onde tan ben instalado está o 5% da poboación mundial. Dicir mil veces que os ricos son cada vez máis ricos e os pobres cada vez máis pobres xa non commove a ninguén; é un dogma de *progres*, alternativos ou *perroflautas* que nin sequera inmuta a quen nas súas siglas se di socialista, ocupado noutros asuntos moito máis serios para garantir o noso futuro, o deles, o de Felipe González en Repsol e o de Elena Salgado en Abertis. Mais, é rigorosamente certo, utilícese o índice de concentración de Gini ou calquera outra medida máis elaborada –outra vez aquí hai modelos do máis requintado, con todo o cálculo integral e toda a teoría abstracta da medida que se queira para *impactar A*-, que a tendencia cara a un mundo máis igualitario rachouse a principios dos oitenta, na era Teacher-Regan, e desde aquela, sobre todo nos últimos anos, foi escandalosamente a peor. A partir de aí a socialdemocracia nunha escalada que semella non ter fin mudou o seu posibilismo do cambio sen traumas por posturas dificilmente distinguíbeis das ultraliberais no referente a banca pública, impostos, privatizacións e, en xeral, en todo o que atinxa aos mecanismos de redistribución.

Por exemplo, a conto de que vén que o PSOE defenda os intereses de Repsol na Arxentina? Acaso non sabe quen son os seus principais accionistas, canto e onde cotizan, e cales foron as pautas de actuación das grandes corporacións petroleiras en

América do Sur? Está de acordo o PSOE coa persecución dos sindicalistas, cos desastres medioambientais e sociais causados polas petroleiras no continente americano en beneficio duns cantos privilexiados?

Corrixir a extrema desigualdade non é un obxectivo nin aquí nin na China: todo fica en altisonantes declaracións de principios, ao estilo dos obxectivos do Milenio. En tempos de globalización non parece conveniente poñer trabas á riqueza desmesurada, sexa por medio de impostos, sexa controlando os fluxos de capital, xa que se os especuladores se cabrean poden montar as de Deus e daquela aínda nolo poderían facer pasar peor. Hai que ser realista, como o foron Schröder e González ligando o seu destino ao das grandes petroleiras.

Aqueles de quen se podería agardar a transformación do sistema desde dentro están prendidos do mercado, atados de pés e mans, sen que se lle pase pola cabeza afastarse dos seus designios. Están convencidos de que calquera experimento fóra del conduce ao suicidio da humanidade. É dicir, os donos das siglas que no seu día acolleron á socialdemocracia están abducidos, cegados por forzas cada vez menos ocultas. Acaso son as campañas electorais e as estratexias de consecución de votos algo máis que deseños de mercanchifles? Non hai discurso, só consignas concatenadas co mesmo acriticismo dun seareiro cando pontifica sobre as virtudes, ou xustifica as areadas saídas de ton, dun pintoresco adestrador de fútbol.

Nun contexto no que nin o FMI, nin o Banco Mundial nin todo o exército de clérigos da corrente económica dominante recoñecen a súa culpa na deriva que deu na desfeita actual, cun poder político incapaz de esixirlles responsabilidades, as solucións da autodenominada socialdemocracia en nada se distinguen das ultraliberais: todo se reduce a facer reformas antisociais para, por arte de maxia, acadar velocidade de cruceiro no crecemento económico, impondo insoportábeis condicións de vida, e por fin se creará emprego...., talvez a salario chinés. É certo que a dereita, contaminada ademais no noso país coas grandes doses de franquismo que aínda flúe pola súas veas, se amosa algo máis tosca no seu afán de exterminio, adaptando desta xeira facilmente os conceptos de Deus e Patria ás esixencias do momento histórico. O primeiro transfórmase no incuestionábel capital financeiro, que en nada ten que envexar ao Deus bíblico á hora de esixir sacrificios, e a segunda, que mellor Patria –*refuxio de canallas*– que aquela que non ten fronteiras e aglutina a militantes, parentes e amigos, para favorecerse entre eles e defender os intereses da banca e das grandes empresas, antes, durante ou despois de gozar do poder executivo?

O caso é situarse na banda dos agraciados no reparto da riqueza mundial, incontrolábel *per se*, xa que contra a velocidade de satélite e fibra óptica con que se realizan as operacións financeiras, nada se pode facer: nin para abaratar alimentos e materias primas no mercado de futuros, nin para baixar as primas de risco. Claro que, tendo en conta a deriva que está a tomar todo isto, na evidencia de que o desastre semella non ter freo, e de que o sistema non dá máis de si, outra hipótese pode ser que os centros de decisión estean cheos de *feltrinellis*, que desta xeira utilizan bombas exclusivamente metafóricas, para que, a base de facer insoportábel a existencia á maioría, todo estoupe e sexan eles desde os seus lugares de privilexio quen volvan xestionar a criatura enxendrada sobre o desastre; non sería a primeira vez na historia.

Ás veces danlle acceso aos medios a alguén que propón medidas á marxe dos mandados do FMI ou de Europa – ese niño de burócratas ben pagados, afastados da máis mínima lexitimación democrática, a non ser a do Parlamento Alemán. E se se lle ocorre, por exemplo, sacar á luz o caso de Islandia, ao momento calquera integrista sácalle a relucir o tamaño. Razoamento ao que lle dá a volta sen problema para negar a viabilidade, poñamos por caso, dunha Euskadi ou unha Catalunya independentes (o independentismo galego aos ollos dos tertulianos aínda non é preocupante) aínda que a poboación da primeira septupleque á de Islandia, e a da segunda sexa máis de vinte veces maior. Ademais, se de trescentos mil en trescentos mil puidésemos arranxarnos, cal é o problema?

Retornando aos feitos obxectivos constatábeis sen demasiada teoría, obsérvase que a única intervención na escala da desigualdade xestionada a conciencia polos profesionais da política é colocarse eles mesmos, cada cal dentro das súas posibilidades, nos percentiles máis altos da distribución da riqueza. Por moito que busquemos non atoparemos a ningún Pertini, e non só entre aznares, zaplanas, blairs ou gonzáleces, senón entre os que forman a procesión dos caladiños, se os comparamos cos de equivalente capacitación profesional e os da súa mesma idade. E mesmo chama a atención como o que máis e o que menos tamén coloca as seus fillos en tarefas relacionadas co mundo da empresa, a avogacía de altos voos ou a enxeñería financeira; de físicos cuánticos, biólogos moleculares, matemáticos ou semióticos, nada de nada. Sería de esperar que entre os políticos houbera de todo, como entre os profesores, os médicos, os fontaneiros. Son un reflexo da sociedade, tamén das súas miserias, mais non deixa de ser certo que salvo raras excepcións nin se cuestiona os privilexios inherentes ao cargo, mentres o exercen e despois de exercelo; iso si, todos legais. Están convencidos de ser diferentes ao resto dos mortais e de que os seus desvelos pola cousa pública merecen especial recompensa.

Para que nada cambie, todo vale, e aí están a paralegalidade e a corrupción. Os que se forraron e seguen a forrarse todos os coñecemos. Algúns acumularon xa no franquismo –a amnistía foi tamén patrimonial e fiscal-, e aí seguen, eles ou os seus descendentes. Outros utilizaron o público en beneficio propio –a historia das privatizacións dos grandes monopolios estatais non ten desperdicio-, algúns até cumpriron estritamente a legalidade nunha deseñada economía de escalas, e os máis cobizosos fixeron grandes negocios aproveitando as súas influencias. A connivencia do tixolo coa política, e o blanqueo de capitais de procedencia espuria, deixaron en ridículo o milagre dos pans e os peixes. Uns poucos, empoleirados na prepotencia, que nin se molestaron en gardar as formas, foron investigados; os procesos eternízanse, a maioría fica indemne, ninguén devolve os cartos. Mais, todos sabemos restar: como chegaron e o que teñen agora. Un era conserxe, outro secretario de concello de terceira, outro administrativo de nivel baixo, a outros non se lles coñecía oficio, e mesmo hai nais, sogras, curmáns e amigos que con empresas creadas en tempo récord co mínimo capital esixido, precisamente para participar en concursos amañados, tiraron grandes beneficios. Os máis queimados van para Europa –no argot dos propios políticos un “cemiterio de elefantes”, mais uns elefantes moi ben remunerados, con capacidade para colocar a parentes, amantes e amigos, e cunha vida moi disipada; nada que ver cos de Botswana. Do que facían antes nin queren lembrarse e como acontecía no franquismo hai quen xa naceu en coche oficial. Dalgúns coñécense os seus negocios en produtoras de televisión, en inmobiliarias, ou mesmo no mercado de cru. Sabémolo todos aínda que non teñamos probas, e en moitos casos nin indicios, de que violenten a laxa legalidade vixente. O

caso das mocedades das dúas grandes franquicias tamén é digno de ter en conta. Na defensa acrítica das respectivas confrarías presentan un perfil absolutamente acomodaticio que se ve recompensado axiña. Hai quen pasou de secretario xeral das xuventudes socialistas a conselleiro de Telefónica sen despeitarse.

Por que escandalizarse con Berlusconi cando exhibe con toda fachenda as súas tendencias máis escatolóxicas? Na modélica Alemaña, o sexo foi – e seguía a ser, segundo informa a prensa do día 15 de decembro de 2011- moeda de cambio en múltiples subornos. Dalgúns deron conta no seu día os diarios “Financial Times Deutschland” e “Süddeutsche Zeitung”: prostitutas de luxo procedentes doutros países para ofrecer os seus servizos aos membros do comité de empresa da Volkswagen, que tamén viaxaron ás praias e lupanares de Copacabana e outros exóticos destinos, a cambio de consentir o desvío de grandes cantidades de diñeiro a compañías fantasma en Angola, India, República Checa, Luxemburgo e Suíza, adicadas a cobrar substanciosas comisións, das que, en concreto, Helmuth Schuster, xefe de persoal da filial checa Skoda, se embolsou varios millóns de euros. Aquí todos sabemos tamén como rematan, -quizais coa crise a contención do gasto mudara esta tradición; segundo publicou a prensa recentemente, en Alemaña non-, moitos acordos entre empresas, non só entre as grandes. Non é ningún segredo que despois das comidas de negocios se visitan lugares de alterne, xa que son os propios puteiros de traxe e gravata de marca os que alardean das súas aventuras con “carne fresca” do leste de Europa, do sur de América ou da África subsahariana; depende dos gustos. Daquela, se algúns políticos utilizaron os medios públicos para satisfacer as súas fantasías eróticas, iso só hai que tomalo como un intento de equiparase á empresa privada, xa que, segundo reza o catecismo librecambista, esta debe ser a referencia á hora de optimizar eficacias e eficiencias, e cantos máis servizos se deixen nas súas mans, mellor. Quizais sexan dixe-me-dixe-me: a reunión de comité con *felatios* simultáneas incluídas, despacho oficial con picadeiro, viaxe ministerial a Moscova como tapadeira orxiástica,... Mais, tamén semellaban completamente inverosímiles os poucos casos que chegaron aos tribunais e milagrosamente foron xulgados con sentenza condenatoria.

A esquerda que no seu día foi socialdemócrata considérase moderna, non quere mirar cara ao século XIX do que tantas ensinanzas se poden tirar. Tampouco moitos dos mobilizados baixo a bandeira dos *indignados* semellan querer aprender do pasado. Pensan que as clases dominantes van renunciar aos seus privilexios ao verlle levantar as mans facendo os *cinco lobiños*. Parecen estar convencidos, aínda que a evidencia demostre o contrario, de que os desarreglos do sistema poden corrixirse dentro del. Cuestión de paciencia; co tempo pódese dar cabo dos excesos e tropelías, só hai que rematar cos malos hábitos e cunhas cantas ovellas negras, e para iso están a liberdade de expresión e de prensa, e de catro en catro anos podemos votar. Todo arraxado. E mentres, poñamos por caso, catrocentos mil millóns de euros peregrinaron no que vai de ano desde Alemaña, vía Suíza, até Singapura, e hai consenso xeneralizado para que Estados Unidos, Canadá e Europa queden coa maior parte da ganancia da venda de droga no mundo - ao redor de cincuenta mil millóns de dólares anuais (datos da ONU) no que respecta exclusivamente á cocaína-, sen que se faga ningún control efectivo deses capitais e sen que ninguén demande o bombardeo dos paraísos fiscais por parte da OTAN. O importante é votar, para que en Valencia gañe un Camps e en Italia un Berlusconi.

Berlusconi, sempre varios pasos por diante dos seus imitadores: prensa, urnas, diñeiro, *bellinas*, exhibindo como conquista as frustracións dunha grande parte da poboación que quixera encarnarse nel. Que máis dá que xa aparecese na letra pequena do sumario Andreotti e da loxia P-2? *Pecata minuta*. Ou xa esquecimos o papel que xogou a mafia na liberación, *sui generis*, e na reconstrución da Italia postfascista, co beneplácito dos EEUU e do Vaticano, e o que segue a xogar hoxendía? Mais, non será escándalo aínda maior que un integrista da Trilateral, e colaborador da financeira Goldman Sachs, sexa nomeado primeiro ministro sen que o elixiran os votantes, ou que outro *tecnócrata* de procedencia semellante sexa ministro de economía do goberno de Rajoy? O innominábel acadou nome. Se Andreotti tiña algo que ver coa mafia era cuestión a dirimir nos tribunais, mais traballaba duro para que o votasen: urna a urna, confesionario a confesionario, comprando, extorsionando. Tratábase dunha verdade incómoda, só parcialmente revelada nos procesos aos que foi sometido. Agora todo é transparente; o mal ten nome: Goldman Sachs, Lehman Brothers, Fitch, Moody's, Standard & Poor's... O seu poder de extorsión é tal que non necesitan de *vendettas*, secuestros nin atentados. Os desastres que causaron no mundo, tamén na nosa contorna máis próxima, son evidentes e a diferenza da mafia, non hai forza que os incomode o máis mínimo: as institucións, desde o presidente até o último carabineiro, están do seu lado. A democracia ten todo previsto, e en situacións límite tanto se modifica a Constitución por vía de urxencia como se nomea primeiro ministro por procedementos extraordinarios. E os medios están aí, exercendo a súa liberdade, sen afastarse salvo rarísimas excepcións da idea principal: fíxose o mellor para o euro, para Europa, para todos nós.

Perante o actual escándalo económico e político, cal é a forza moral para demonizar a *gurtelianos*, conseguidores varios, trileros e *urdangaríns*? A banca pode seguir acumulando beneficios a conta das inxeccións de diñeiro público, os directivos seguen con salarios e gratificacións estratosféricos, os clubs de fútbol poden adeudar o que queiran a Facenda e á Seguridade Social sen que se investigue a relación dos seus multimillonarios fichaxes coas entidades financeiras intervidas, os grandes capitais agóchanse nas SICAV para evadir impostos, e na miña cidade, poñamos por caso, aqueles que levaron a ruína unha caixa de aforros, algúns deles facendo e desfecendo ao seu gusto, confundindo durante corenta anos a xestión da entidade coa súa carteira, andan por aí tan tranquilos, sen a máis mínima intención de reparar o estropicio que custou ás arcas públicas xa máis de seis mil millóns, detraídos da sanidade ou do ensino público. A propósito, non ve a Universidade de Vigo, e o actual alcalde do PSOE que foi o seu mentor, motivos de sobra para quitarlle o título de doutor *honoris causa* ao presidente case vitalicio da Caixa de Aforros de Vigo, Julio Gayoso? A sensación de impotencia é total: nin o máis cativo signo de decencia. Parece que só se pode forzar o marco legal para reprimir a quen se enfronte decididamente coa extorsión financeira, transformada en crúa realidade através das insoportábeis medidas antisociais tomadas polo goberno interposto.

Dá a impresión de que a capacidade de resposta efectiva é inversamente proporcional ao endeusamento dos privilexiados, a cuxos intereses todos debemos pregarnos. Prevalece nestes un aquel de ideoloxía colonizadora, escravista, ou, mais ben, atrévome a dicir, un nazismo de novo tipo. A diacrónica xustificación de fortunas, alcurnias e realezas, que segundo o discurso dominante non cabe cuestionar, nin aludindo a pretéritas rapinas nin a apropiacións de plusvalías da máis diversa procedencia, foi cedendo terreo pola calada cara a prepotentes imposturas tan só explicabéis como sometimento da meirande parte

da poboación a unha elite insaciábel. A diferenza do colonizador que consideraba aos aborixes explotábeis até a extenuación, ou do nazi convencido de que os non arios non eran merecentes de vivir – nalgúns casos cando xa non eran quen de acadar produtividade infinita-, as axencias de cualificación e a banca non necesitan de negreiros nin de SS. Os seus desmáns son aceptados polo sistema coa maior naturalidade, e desde unha asumida impotencia polo cidadán civilizado, convertido obxectivamente, e para a súa honra, en *antisistema* tan pronto intenta saír do seu letargo. Os novos arios sométemos con luvas de seda, pónonos ao servizo das súas gañancias desmesuradas; unha solución final administrada en cómodos –cada vez menos- prazos. Desta xeira os *outros* poden vivir: con salarios de subsistencia, con subsidios ridículos, tendo como única meta tratar de conservar ou conseguir un traballo por mal remunerado que estea, esquecéndose de calquera outra preocupación existencial, ética ou artística. Como diría o actual presidente de España: “a los españoles eso no les interesa”.

Independentemente da maneira de medir o traballo produtivo e do que se entenda por *traballo socialmente útil*, como alguén pode creerse con dereito a indemnizacións e pensións de millóns de euros por dirixir unha entidade financeira levada á ruína? Como as masas que enchen os estadios, e consumen compulsivamente prensa deportiva, non relacionan as súas penurias económicas cos desorbitados contratos de futbolistas e deportistas de elite, nos que colaboran a banca, as cadeas de televisión, tanto públicas como privadas, e nalgúns casos os concellos mediante a cesión gratuíta dos estadios da súa propiedade?

Que tipo de coñecementos e habilidades cren posuír, poñamos por caso, Goirigolzarri, Rato, Gayoso ou Castellanos, para que a súa hora de traballo se pague entre 10 e 30 veces máis cá dos traballadores mellor pagados? Que tipo de mutación se deu no cerebro humano para que se admita coa maior naturalidade, por exemplo, que Messi gañe 32 millóns de dólares ao ano; ou sexa, 87.000 dólares por día, 3.663 dólares por hora, 61 dólares por minuto ou un dólar por segundo? Dez minutos en calquera tramo do día de Messi equivalen a un salario mínimo (mensual); media hora, ao salario dos privilexiados que están por riba do percentil 80.

Quizais todo o anterior sexa un reflexo pornográfico do “final das ideoloxías”. O importante é acumular sumas de diñeiro case incomensurábeis, canto menos se as sometemos ao padrón dos bens e servizos que serven de base para medir o PIB de toda a produción mundial. Cantos planetas coma o noso farían falla para poder converter a masa, e a entelequia, monetaria en mercadorías?

Pier Paolo Pasolini, o poeta e director de cine asasinado en 1975, denunciara con frecuencia, nos derradeiros anos da súa vida, o réxime da democracia cristiá. Pouco antes de ser asasinado, en relación coa matanza de praza Fontana (Milán, 1969) onde morreran dezaseis persoas ao estourar unha bomba no Banco de Agricultura, escribiu na primeira plana do *Corriere della Sera*:

Sei os nomes dos responsábeis da matanza...

Sei quen asistiu á xuntanza que manipulou...

Sei os nomes que a dirixían...

Sei quen estaba no poderoso grupo que...

Sei os nomes de quen, entre unha misa e outra, negociaban e garantían protección política.

Sei os nomes dos homes serios e importantes que están detrás dos homes ridículos...

Sei os nomes dos homes serios e importantes que están detrás dos rapaces tráxicos...

Sei todos eses nomes e coñezo todos os actos (as matanzas, os ataques ás institucións) dos que son culpábeis....

Seino pero non teño probas, nin sequera teño pistas.

Sería un interesante exercicio, case escolar, adaptar o texto anterior á operación de exterminio que os “homes serios e importantes” de hoxe lanzaron sobre as clases populares; os seus nomes tamén se coñecen, e onde se xuntan, e a protección da que gozan.

No caso da bomba do Banco de Agricultura o xuízo durou nove anos, o principal implicado, Franco Freda, practicamente non pisou o cárcere, e converteuse nun dos principais referentes do neofascismo italiano. No que atinxe ás actuais operacións especulativas, de exterminio, os tribunais – excluído ese pequeno país ao que, din, non nos podemos comparar- dificilmente admiten as denuncias a trámite, e os susceptíbeis de seren procesados tamén son principais referentes dun totalitarismo de novo tipo que, como o fascismo, supera a partitocracia deixando as decisións verdadeiramente importantes nas mans das súas falanxes de “técnicos”.

O desacougo de Pasolini, perante a impotencia, fica plasmado no seu derradeiro filme, onde traza unha liña que parte da brutalidade da Sodoma bíblica, cruza a antigüidade e chega aos torturadores do Inferno de Dante. Logo, segue por Sade e os seus libertinos, polas SS, e remata nos anos setenta do século XX. En todas e cada unha das etapas prevalece a figura do fascista universal que ri con sarcasmo, masturbándose mentres diante dos seus ollos as vítimas son queimadas ou descuartizadas.

Dura parábola, mais doadamente reinterpretábel na actualidade: magnates dando instrucións ás axencias de cualificación, ríndose dos imposíbeis intentos de cadrar o círculo dos seus dóciles escravos, que non saben, ou non queren saber, que o dominante, na disciplina sado-masquista, pide continuos sacrificios: canto máis se lles dea máis esixen.

Algúns, non sei cantos nin exactamente cales son os principios que nos unen, que non vemos ningunha posibilidade de redención na maioría da, denominada, esquerda parlamentaria, en permanente afastamento dos seus principios fundacionais, crimos que a constatación da debacle, a comprensión en termos estritamente racionais de que isto non dá máis de si, orixinaría un movemento global contra a extorsión financeira esquilmativa e os seus *cobradores do fraude* en papel de goberno interposto ou de *responsábel* oposición. Nel confluírían desencantados de diversa procedencia, damnificados, lexións de famentos, que xa os hai, e mesmo algún que outro socialdemócrata que de súpeto vise a luz. Primeiro punto innegociábel: abandonar a disciplina de sometemento ao FMI e ao todopoderoso Banco Central Europeo (todo o poder que lle permite o Bundesbank); ambos organismos “independentes”, pero, curiosidades da vida, con capacidade para ditar as máis restritivas normas de obrigado cumprimento que se nos presentan como única política posíbel, sexa cal sexa o seu custo social. E ao non sermos poetas nin directores de cine, incapaces de botar man dunha estética do noxo consoante co noso nivel de frustración, na espera, só nos queda

ir morrendo de asco, sendo testemuñas da insaciabilidade da cultura da aniquilación, que arraigou desde o principio da nosa “civilización” e que alcanza a éxtase nesta etapa absolutamente soez do capitalismo. Xa o dicía Reuben Osborn en *Marxismo e psicanálise*: “o capitalismo é a fase sadico-anal do desenvolvemento da sociedade”. E niso andamos, sen que polo de agora se albisque ningunha saída.

Xenaro García Suárez é matemático e doutor en filosofía